



A Resolución rectoral do 21 de febreiro de 2000 de Matricula nas Estadias en Farmacia ou Prácticas Tuteladas regula a Estadias dos alumnos da Licenciatura de Farmacia establecendo a súa aplicación a partir do curso 1999/2000.

Os alumnos poden formalizar a matricula nas Estadias cando realizan a matricula ordinaria sempre e cando reúnan os requisitos que establecen os propios planos de estudio e maila resolución reguladora das Estadias. Ademais, moitos alumnos reúnen os requisitos para realizar as prácticas tuteladas despois da primeira convocatoria ordinaria de febreiro ou tras presentarse á Convocatoria de Fin de Carreira. Cómpre pois facer unha convocatoria de solicitude das Estadias para tódolos alumnos que pretendan realizalas, tanto no primeiro como no segundo período, polo que

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Os alumnos matriculados no curso 2005-2006 na Licenciatura de Farmacia poderán solicitar a realización das Prácticas Tuteladas correspondentes tanto ó primeiro período, de outubro 2005 a abril 2006 como ó segundo período, de marzo 2006 a setembro 2006.

Excepcionalmente poderán tamén solicitar a realización das prácticas os licenciados polo plano de 1973, sempre e cando existan vacantes trala adxudicación de prazas ós alumnos dos planos renovados, formalizando a súa matricula como extraordinaria. En ningún caso a realización das prácticas dará lugar á expedición dun novo título ou a modificación do existente.

**SEGUNDO.-** As solicitudes presentaranse no impreso que se facilitará ós efectos na **Unidade de Xestión Académica do Campus Sur**, e que figura como ANEXO a esta resolución, nos seguintes prazos:

1º Período: Do 1 ó 15 de setembro de 2005

2º Período: Do 1 ó 17 de febreiro de 2006

**TERCEIRO.-** Os alumnos dos planos de estudio 1994 e 1999 para solicitar a realización das Estadias de Farmacia ou Prácticas tuteladas deberán ter superados alomenos 300 créditos ou 285, respectivamente, do seu plano de estudos.

**CUARTO.-** Os alumnos dos plans de 1994 e 1999, elixirán farmacia en función do expediente académico, escollendo en primeiro lugar os alumnos coa puntuación máis alta.

Os licenciados do plano de estudos de 1973 elixirán a farmacia despois de que o fagan os alumnos dos plans de 1994 e 1999, seguindo os criterios académicos acordados pola Comisión Mixta de Prácticas Tuteladas, en función do expediente académico, escollendo os alumnos coa puntuación máis alta.

**QUINTO.-** As datas e mailo lugar para a elección de farmacia será comunicado polo Decanato da Facultade mediante a correspondente publicación no taboleiro de anuncios, así como o listado de Oficinas de Farmacia e Farmacias de Hospital que se ofertarán para a realización das prácticas.

**SEXTO.-** A matrícula realizarase nos tres días seguintes ós da elección de farmacia.

**SÉTIMO.-** Liquidación de prezos públicos: Os alumnos dos planos renovados liquidarán os 15 créditos conforme o prezo que fixa para o presente curso académico 2005/2006 o Decreto da Xunta para estudos experimentais dos planos renovados.

Tódolos alumnos disfrutarán dos mesmos beneficios e exencións na matrícula das prácticas tuteladas que nas demais materias da titulación.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2005

O REITOR

(P.d.r.r. do 19 de xullo de 2005)

**A VICERREITORA DE ESTUDANTES E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS**



Elena Vázquez Cendón

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO - SR/A. DECANO/A DA FACULTADE DE FARMACIA - SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR. XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR/A OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SR/A. XEFE DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR.

Don/Dona \_\_\_\_\_  
Apelidos Nome

e con D.N.I. núm. \_\_\_\_\_

**Enderezo durante o curso:**

\_\_\_\_\_ Rúa Localidade Teléfono

**Enderezo Familiar:**

\_\_\_\_\_ Rúa Localidade Teléfono

Alumno do Plano \_\_\_\_\_ Curso \_\_\_\_\_

**ESPECIFICAR MATERIAS DAS QUE REALIZARÁN EXAME NA ACTUAL CONVOCATORIA DE**  
\_\_\_\_\_

**Solicita:**

Ser admitido/a para a realización de Prácticas Tuteladas de acordo coa normativa establecida no convenio asinado pola Universidade de Santiago de Compostela e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos e o SERGAS, no período de \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_

Santiago de Compostela, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_

(sinatura)

ILMO. SR. DECANO DA FACULTADE DE FARMACIA - UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA